

Extracto da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, núm. 338/2021, do 11 de xuño, ditada no recurso de apelación núm. 4295/2020

Nin a visita de inspección, nin o coñecemento pola Administración da existencia das obras permiten retrotraer o inicio do cómputo do prazo de caducidade a data anterior á do acto formal de incoación, debendo aplicarse a doutrina establecida pola Sala Terceira do Tribunal Supremo, en aplicación dos artigos 43 da LRJPAC 30/1992 e 209 da LOUGA 9/2002: realizadas as actuacións previas, o tempo que tarde a Administración en acordar a incoación do procedemento poderá ter as consecuencias que procedan en canto á prescrición da acción pero non pode ser tomado en consideración a efectos da caducidade do procedemento, pois esta figura o que pretende é asegurar que unha vez iniciado o procedemento a Administración non exceda o prazo de que dispón para resolver.